

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 16 de xullo de 2019 polo que se fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-531, treito A Devesa-Bretoña (punto quilométrico 6+200-10+250), de clave PO/16/261.06.

Con data 16 de xullo de 2019, a dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

Antecedentes de feito:

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 45, do 5 de marzo de 2018, publicouse o Anuncio do 16 de febreiro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-531, treito A Devesa-Bretoña (punto quilométrico 6+200-10+250), de clave PO/16/261.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formuláronse alegacións polas persoas interesadas.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.



Terceiro. A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG núm. 179, do 20 de setembro).

De acordo con todo o exposto, e tras os informes, certificados e alegacións presentadas,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-531, treito A Devesa-Bretoña (punto quilométrico 6+200-10+250), de clave PO/16/261.06, coa seguinte consideración:

– Tras o período de exposición pública, o Concello de Barro e asociacións veciñais alegan a necesidade de realizar un proxecto de maior alcance que cumpra cos obxectivos que se establecían no proxecto de acondicionamento e MSV da PO-531 na Devesa, segunda fase. Tras as reunións mantidas co Concello de Barro, decídese segregar a parte da senda que discorre por este concello, impulsando primeiro a reforma de interseccións segundo o proxecto do ano 2011, e retomando este tramo de senda unha vez concluída dita actuación de mellora da seguridade viaria; polo que o ámbito do presente proxecto queda comprendido entre os puntos quilométricos 5+460 e 6+900.

Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Pontevedra e Barro deberán adaptar os seus planeamentos urbanísticos ao contido no proxecto, no que se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: jeh8w4p1-cse4-zss9-u0u8-iuzrouceppqz9

